

Acordo do 3 de xuño do 2025, do tribunal das categorías de titulado/a medio/a, documentalista, analista programador/a, auxiliar administrativo/a e almacenista encargado de cualificar o proceso convocado mediante a Resolución do 30 de novembro de 2023 (diario Oficial de Galicia número 230, do 4 de decembro), do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, para o ingreso pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición como persoal laboral fixo en diversas categorías de persoal da Corporación, polo que se fai pública a data, hora e lugar de realización da proba Celga tipo test.

En sesión que tivo lugar o 3 de xuño de 2025, o tribunal que cualificará o concurso-oposición convocado por Resolución do 30 de novembro de 2023, tomou os seguintes acordos de conformidade co disposto na base III.1.2. da convocatoria.

LUGAR E DATA DE REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTOS DE LINGUA GALEGA

A proba tipo test correspondente á acreditación do coñecemento da lingua galega terá lugar o día 12 de xuño de 2025 ás 12:00 horas, na sede da Corporación RTVG en San Marcos.

As persoas que non se atopen na entrada do edificio a hora prevista, decaerán no seu dereito á realización da proba e quedarán definitivamente excluídas do proceso.

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou doutro documento fidedigno que a xuízo da comisión acredite a súa identidade. Ademais deberán ir provistas de bolígrafo de cor azul ou negra.

Non se permitirá o acceso á aula na que se realice a proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización da mesma, nin se habilitará ningún de servizo de recollida dos devanditos dispositivos.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NAS BASES DE CONVOCATORIA

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test con catro (4) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta, máis tres (3) preguntas de reserva. O exercicio terá unha duración de corenta (40) minutos e cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE APTO NA PROBA TIPO TEST

De acordo co establecido na citada base da convocatoria corresponderá ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto/a.

En cumprimento desa potestade de determinación do criterio da superación da proba, o tribunal acordou que terán a cualificación de apto/a as persoas aspirantes que acaden 10 respostas correctas.

As persoas convocadas que non acreditaron estar en posesión do grao de Celga correspondente á categoría son as que figuran como Anexo I a esta resolución.

As persoas aspirantes poderán obter copias das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido da proba e as respostas correctas na páxina web da CRTVG, www.crtgv.gal.

O resultado da proba publicarase do mesmo xeito que a súa convocatoria, as persoas non superen o exercicio quedarán definitivamente excluídas do proceso.

San Marcos, asinado dixitalmente

A presidenta do tribunal (documentalista,
titulado/a medio, analista programador/a,
auxiliar administrativo/a, almacenista)

Elisa Pais Varela

ANEXO I: PERSOAS NON EXENTAS DA PROBA DE GALEGO

Celga 3

NIVEL: 7	
CATEGORÍA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	
Apelidos e nome	DNI
GOMEZ VARELA, MARIA DEL CARMEN	***3344**